

Este proxecto técnico foi aprobado na reunión do Pleno do Consello Galego de Estatística do día 22 de novembro de 2019

2506-06-OE05 Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais

PROXECTO TÉCNICO

Obxectivos concretos da investigación

Introdución

No sistema estatístico galego existe pouca información económica sobre as entidades que prestan servizos sociais. Este sector de actividade destaca pola carencia de fontes de información de base para realizar unha boa estimación, dende un punto de vista económico, dos agregados macroeconómicos.

Ningunha operación do Instituto Nacional de Estatística recolle información económica deste sector, nin está previsto no futuro que se inclúa na operación que dirixen ao sector servizos. Tampouco o Ministerio e a Consellería competente na materia teñen información económica do sector.

Desde o Servizo de Contas Económicas do IGE promoveuse a realización desta enquisa, co obxectivo de mellorar a información de base de dúas ramas de actividade do noso sistema de Contas, mellora que vai incidir en, cando menos, dúas operacións estatísticas e unha actividade estatística. (En concreto será utilizada nas operacións: 3902-01-OE05 Contas económicas anuais, e 3903-01-OE05 Marco inputoutput; ademais da actividade estatística 3902-05-AE05 Contas do sector fogares; todas elas incluídas no Plan Galego de Estatística 2018).

O persoal do IGE realizou unha primeira enquisa no ano 2017. O deseño e explotación posterior da enquisa foi realizado no Servizo de Contas Económicas, a aplicación informática de gravación do cuestionario desenvolveuno o Servizo de Informática (dentro da Secretaría Xeral) e o traballo de campo foi responsabilidade do Servizo de Traballos de Campo (Subdirección Xeral de Producción Estatística). Ademais, desde o Servizo de Análise e Estudos solicitouse que se incluíse nesta enquisa un módulo para mellorar a información sobre a poboación que reside en establecementos comunitarios. Por último, cómpre destacar que o marco da enquisa foi o directorio de empresas responsabilidade do Servizo de Infraestrutura e Técnicas Estatísticas, tamén do IGE.

Esta enquisa non estaba recollida no proxecto técnico de ningunha das operacións ás que afecta. Isto supón unha limitación ao traballo de campo, xa que a enquisa non é obrigatoria, e os enquisadores teñen menos argumentos á hora de reclamar os cuestionarios. Pese a todo, a taxa de resposta foi moi alta.

Por estes motivos e co obxectivo de obter as contas de produción e explotación para cada un dos sectores institucionais (sociedades non financeiras, fogares e Institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares) de cara ao próximo cambio de base contable; cremos que é necesario converter esta enquisa en operación .

Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

A “Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais” está dirixida a empresas, institucións sen fins de lucro e persoas físicas cuxa actividade principal se clasifica nas divisións da CNAE 2009: 87 (asistencia en establecementos residenciais) e 88 (actividades de servizos sociais sen aloxamento). Estas divisións inclúen (principalmente) as seguintes actividades:

DIVISIÓN 87: Asistencia en establecementos residenciais. Inclúe:

- Residencias de anciáns e persoas con discapacidade física e/ou psíquica
- Orfanatos, centros de acollida temporal para persoas sen fogar
- Centros para o tratamento do alcoholismo ou a drogadicción

DIVISIÓN 88: Actividades de servizos sociais sen aloxamento. Inclúe

- Centros de día para persoas maiores e/ou con discapacidade física e/ou psíquica
- Servizos de atención no fogar
- Garderías/escolas infantís

(Sen embargo non inclúe as ludotecas, que son cnae 9329)

Ámbito xeográfico

Territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ámbito temporal

A enquisa deséñase con periodicidade bianual. Pídese información para cada un dos dous últimos anos.

Bienalmente pregúntaselle ás empresas por un conxunto de variables económicas e de emprego representativas dun ano para o que xa tiveron que pechar a contabilidade e presentar as contas anuais ao organismo correspondente. A aquelas empresas nas que o exercicio contable non coincide co ano natural pregúntaselles polo período do exercicio contable co fin de facilitarlles a resposta.

Contido do cuestionario

O cuestionario base (ver Anexo I) estrutúrase nos seguinte apartados:

- Identificación e información xeral sobre a empresa: domicilio social, contacto, actividade principal, ámbito de actuación, emprego
- Datos contables da empresa: conta de perdas e ganancias para o conxunto da empresa
- Investimentos

Unidades estatísticas

O marco poboacional empregado foi o Directorio de empresas e unidades locais do IGE, no cal se seleccionaron as empresas cuxa actividade principal se clasifica nalgunha das CNAEs estudadas (87 e 88).

Ademais, dado que o obxectivo da enquisa é obter as contas de produción e explotación para cada un dos sectores institucionais de cara ao próximo cambio de base contable:

a) Sociedades non financeiras

b) Fogares

c) Institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares (ISFLSF)

no deseño da enquisa estratificouse clasificando as unidades por sector institucional en función do seu NIF:

- Todos aqueles autónomos enquisados forman parte do sector fogares. Tódolos NIFs que empecen por un número ou letras “X” ou “Y” serán considerados sector fogares.
- Aqueles enquisados cuxo NIF comece por “G”, “R” ou “V” serán considerados unha ISFL privada (IPSFL)
- O resto de NIFs clasificaranse no sector de sociedades non financeiras.

Deseño mostral

Empregouse un deseño mostral estratificado con selección aleatoria dentro do estrato. Empregouse afixación óptima utilizando como variable auxiliar o emprego asalariado dispoñible no Directorio. Os estratos “E4: empresas con máis de 49 asalariados”, “I4: ipsfl con máis de 49 asalariados” e “PF3: persoas físicas con máis de 9 asalariados” son exhaustivos. Na táboa seguinte figuran os estratos e os tamaños poboacionais e mostrais (teóricos).

No ano 2019 obtivemos unha mostra total de 222 elementos dos cales 86 son autorrepresentados, co seguinte detalle dos estratos:

ESTRATOS	Nh	nh
E1:empresas con 0 a 2 asalariados	164	10
E2:empresas con 3 a 9 asalariados	115	10
E3:empresas con 10 a 49 asalariados	101	26
E4:empresas con más de 49 asalariados	32	32
I1: ipsfl con 0 a 2 asalariados	134	10
I2:ipsfl con 3 a 9 asalariados	92	10
I3:ipsfl con 10 a 49 asalariados	125	40
I4:ipsfl con más de 49 asalariados	39	39
PF1: autónomos con 0 a 2 asalariados	109	10
PF2: autónomos con 3 a 9 asalariados	55	20
PF3: autónomos con más de 9 asalariados	15	15
	981	222

A Consellería de Política Social ten un Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) que se pode consultar na ligazón: <https://politicasocial.xunta.gal/XiacWeb/>. A inscrición no RUEPSS é un procedemento que poden solicitar as entidades prestadoras de servizos sociais, públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que sexan titulares de centros, que desenvolvan programas ou realicen actividades propias dos servizos sociais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A inscrición no RUEPSS realízase por tempo ilimitado en tanto a entidade manteña as súas actividades.

O RUEPSS empregárase para obter datos de contacto actualizados (sobre todo teléfonos e páxinas web) . Isto é moi útil en xeral e, en particular no caso dos autónomos, e pequenas empresas e institucións sen fin de lucro.

Ademais, empregouse o RUEPSS para revisar a actividade que indicaban neste rexistro para cada unha das unidades seleccionadas na mostra. É dicir, se era unha residencia, un centro de día, prestaba servizos de atención ao fogar, era unha escola infantil, etc. Tamén se utilizou outra información como a financiación por parte da Administración das prazas no caso das residencias. Coñecer a actividade é útil por exemplo, na depuración do cuestionario para ver se os ingresos e os gastos indicados gardan coherencia coa súa actividade.

No RUEPSS as entidades inscritas deben presentar anualmente unha memoria de actividades. Estas memorias son moi heteroxéneas, xa que non hai unha indicación do que deben ou non conter. En ocasións as entidades inclúen un apartado económico no que detallan ingresos e gastos, así como prazas residenciais, distribución das prazas por idade e sexo, etc., datos que se empregan tamén para a depuración dos cuestionarios.

Recollida e tratamento de datos

Os traballos de recollida da información serán levados a cabo cos medios persoais do propio IGE. O envío dos cuestionarios e a recollida da información contida nos mesmos realízase segundo a elección da unidade informante: correo postal, Fax, correo electrónico ou internet. Na recollida mediante Internet é a propia empresa informante a que accede a unha aplicación

informática vía Web e cubre o cuestionario directamente, o que supón un aforro de tempo xa que a información se recibe directamente no servidor do IGE.

A recollida e gravación da información levarase a cabo preferentemente no primeiro semestre do ano; a depuración e validación poderán prolongarse ao longo do segundo semestre. Nunha primeira fase remítese o cuestionario por correo ás unidades informantes xunto coa carta de presentación. A continuación, realízanse roldas de contactos telefónicos coas empresas nas que non se obtivo a resposta ou nas que se considera insuficiente ou dubidosa a recibida.

No proceso de recollida da información pódense presentar incidencias que impidan ou dificulten a obtención dos cuestionarios cubertos: negativas, pechadas, non localizadas. Para poder atender a determinadas incidencias sobre a mostra inicial, sen que se minore o tamaño de deseño da mostra, efectúanse substitucións. A selección de substitutas efectúase dentro do estrato correspondente á empresa substituída.

O procedemento de depuración e validación dos datos lévase a cabo nas seguintes fases: depuración manual, depuración informática e validación posterior da calidade. A depuración manual efectúase nada máis recibir os cuestionarios para verificar a súa correcta cobertura. Para o control e depuración automática da información a propia aplicación informática de gravación establece uns criterios de validación agrupados en erros e avisos. Os erros poñen de manifesto que nalgunha parte do cuestionario existe algún dato incorrecto, incoherente ou inconsistente que é imprescindible corrixir. Pola contra, os avisos teñen como finalidade advertir que existen datos no cuestionario, cando menos “anormais”, e que deberán ser revisados e comprobados.

Despois da depuración efectúase unha primeira validación dos datos gravados mediante os seguintes controis de calidade: compróbase que todos os cuestionarios dados por definitivos cumpren con todas as regras de validación ou teñen a súa correspondentes xustificación; revísanse as incidencias e se están debidamente acreditadas, e compróbanse os cambios de actividade. A segunda validación dos datos, tamén chamada macrodepuración, consiste en analizar os resultados obtidos para determinadas variables e indicadores. En calquera dos casos anteriores, a regra xeral será verificar a información gravada, resolver os problemas coa información do cuestionario e, como recurso final, chamar ás empresas para a súa aclaración.

Os criterios de validación e depuración reducen a falta de resposta, tanto global ó conxunto do cuestionario como parcial a apartados específicos. Nos casos nos que non fora posible obter información procederase á súa imputación a partir doutros cuestionarios de características parellas ou de fontes complementarias de información.

Estimacións, tabulación e plan de difusión dos resultados

Para estimar as diferentes variables, utilízanse estimadores de expansión, a partir dos tamaños poboacionais e da mostraxe en cada estrato de actividade-emprego, tomando como base o marco e a mostra seleccionada, previa introdución das correccións derivadas das incidencias observadas na fase de recollida da información, tales coma cambios de actividade, estrato de emprego ou peche.

A publicación dos resultados terá unha periodicidade bienal. A dispoñibilidade da información de base condiciona o calendario de difusión, cunhas previsións, a título orientativo, de publicar a información relativa ao exercicio contable do ano “n” e “n-1” no segundo semestre do ano “n+2”. Así, no segundo semestre de 2020 publicarase a información relativa aos anos 2018 e 2017.

A presentación dos resultados, en formato de táboa multidimensional, contempla unha agregación por sectores institucionais e tamaño da empresa e unha selección de variables e principais saldos.

Anexos

Anexo I : Cuestionario

Anexo II : Cadros de difusión

SERVIZO DE ESTADÍSTICAS DE EMPRESAS

Enquisa ás entidades prestadoras de servizos sociais

Identificación da empresa

Para consultas ou aclaracións contactar con:

Teléfono gratuito: 900 102 104

Fax gratuito: 900 812 899

c.electrónico: ige.empresas@ige.eu

Modificacións na identificación (Cubrir só os puntos suxeitos a variación)

Nome ou razón social da empresa _____ NIF _____

Domicilio social _____

Código postal _____ Concello _____ Provincia _____

Teléfono _____ Fax _____

Páxina web _____ Correo electrónico _____

Persoa de contacto a quen dirixirse para consultas ou aclaracións sobre este cuestionario

Nome _____ FIRMA OU SELO DA EMPRESA

Cargo na empresa _____

Teléfono _____ Fax _____

Correo electrónico _____

A información recollida neste cuestionario, segundo a Lei 9/1988 do 19 de xullo de ESTADÍSTICA DE GALICIA:

- Ten CARÁCTER OBRIGATORIO (art.º 18): 'As estatísticas incluídas no Plan Galego de Estatística, nos Programas Estatísticos Anuais e as previstas nos convenios de colaboración aos que se refire o artigo 13 desta Lei terán, para a súa elaboración a obriga de colaboración cidadá, obrigatoriedade suxeita á potestade sancionadora á que se refire o Capítulo IV (Réxime sancionador) do título I, que tipifica as infraccións administrativas e que regula as sancións aplicables nos artigos 32 a 36.
- Está amparada polo SEGREDO ESTADÍSTICO (Arts. 24-28): 'Serán obxecto de protección e quedarán amparados polo segredo estatístico tanto os datos relativos ás persoas físicas como ás persoas xurídicas' (art.º 24.1). 'Os datos individuais facilitados por razóns estatísticas non se poderán usar en ningún caso para finalidades fiscais ou policiais, nin para calquera outra distinta daquela para a que foron solicitados' (art.º 24.3). 'Todas as persoas, organismos e institucións que interveñan nas operacións reguladas pola presente Lei terán obriga de manter o segredo estatístico respecto dos datos comunicados. Esta obriga conservarana as persoas aínda despois de concluír as súas actividades profesionais e a súa vinculación cos servizos estatísticos. En virtude da devandita obriga, os datos individuais comunicados non se poderán facer públicos nin se lle comunicarán a ningunha persoa ou entidade' (art.º 26).

A. Clasificación da actividade principal da entidade en Galicia no ano 2018

Actividade principal

(Aquela actividade que xera maior valor engadido ou maior cifra de negocios)

CNAE-2009

--	--	--	--	--

B. Servizos que prestou en Galicia nos anos 2017 e 2018

ANO 2017 ANO 2018

CNAE'09 CNAE'09

- 1.- _____
- 2.- _____
- 3.- _____

C. Ámbito de actuación da entidade

¿Cal é o ámbito de actuación da entidade ?

Local-comarcal _____

Galicia _____

España _____

¿Ten outros establecementos/centros en España (ademais dos de Galicia)? SI NON

Internacional _____

D. Emprego en Galicia

Número medio de persoas que prestaron servizos na entidade en Galicia	ANO 2017	ANO 2018
	Nº persoas	Nº persoas
1. A tempo completo :		
a) Asalariados _____	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Homes _____	_____	_____
Mulleres _____	_____	_____
b) Traballadores por conta propia, propietarios, socios activos, etc. _____	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Homes _____	_____	_____
Mulleres _____	_____	_____
c) Non remuneradas/voluntarias _____	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Homes _____	_____	_____
Mulleres _____	_____	_____
2. A tempo parcial		
a) Asalariados _____	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Homes _____	_____	_____
Mulleres _____	_____	_____
b) Traballadores por conta propia, propietarios, socios activos, etc. _____	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Homes _____	_____	_____
Mulleres _____	_____	_____
c) Non remuneradas/voluntarias _____	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Homes _____	_____	_____
Mulleres _____	_____	_____

E. Ingresos

INGRESOS

IMPORTE
ANO 2017 ANO2018

1. Ingresos correntes por prestación de servizos e vendas (70)

- a) ingresos por concertos ou similar coas administracións públicas _____
- b) ingresos por xestión delegada de centros ou servizos das administracións públicas _____
- c) cotas satisfeitas polos usuarios pola prestación de servizos _____
- d) ingresos por prestación de servizos non incluídos nas categorías anteriores _____
- e) ingresos por vendas de produtos _____
- f) ingresos por vendas de mercadorías _____

2. Ingresos por subvencións, donacións, legados e outras aportacións (72 e 74)

- a) cotas de socios e afiliados _____
- b) ingresos de donacións, promocións, patrocinadores e colaboradores _____
- c) subvencións correntes das AA.PP _____
- d) subvencións de capital traspasadas ao exercicio _____
- e) outras subvencións correntes privadas _____

3. traballos realizados pola empresa para o seu activo (73)

4. Outros ingresos de xestión (75)

F. Gastos

COMPRAS E GASTOS

IMPORTE
ANO 2017 ANO2018

1. Gastos de persoal

- a) **Soldos, salarios e asimilados**
(C640+C641+C6450) _____
- b) **Cargas sociais e outros gastos de persoal**
(C642+C643+C649) _____
- c) **Provisións**
(C644+C6457-C7950-C7957) _____

2. Aprovisionamentos

- a) **Consumo de mercadorías (4)**
(C600) _____
- b) **Consumo de materias primas e outras materias consumibles (4)**
(C601+C602) _____
- c) **Traballos realizados por outras empresas (4)**
(C607) _____

3. Servizos exteriores

- a) **Alugueiros**
(C621) _____
- b) **Servizos de profesionais independentes**
(C623) _____
- c) **Subministrados (electricidade, gas, etc.)**
(C628) _____
- d) **Seguros**
(C625) _____
- e) **Publicidade, propaganda e relacións públicas**
(C627) _____
- f) **outros servizos exteriores (reparacións, transportes, etc.)**
(C620, C622, C626, C629) _____

(4) deducidos os descontos, devolucións e "rappels" (C606, C608, C609, C61, C693, C793)

G. Traballos realizados por outras empresas C607

Especifique as actividades subcontratadas e indique o seu valor ou a súa porcentaxe sobre o total indicado en F.2.c

Datos expresados en : Valor Porcentaxe sobre o total

	ANO 2017	ANO 2018
1. Servizos de comidas (catering)		
2. Limpeza xeral das instalacións		
3. Outros servizos persoais (lavandería, perruquería)		
4. Servizos de profesionais sanitarios de atención directa (médico, fisioterapeuta, terapeuta ocupacional...)		
5. Outros servizos (especificar):		

H. Consumo de materias primas e outros aprovisionamentos C601+C602

Do total das compras reflectidas en F.2.b, indique a contía ou a porcentaxe correspondente a cada un dos seguintes conceptos:

Datos expresados en : Valor Porcentaxe sobre o total

	ANO 2017	ANO 2018
1. Produtos alimenticios		
2. Material sanitario (non incluír medicamentos)		
3. Medicamentos		
4. Produtos químicos de limpeza		
5. Artigos para o fogar, lencería, enxoval...		
6. Outros produtos (especificar):		

I. Investimentos

	ANO 2017	ANO 2018
INMOBILIZADO MATERIAL		
Terrenos e bens naturais		
Equipos informáticos (hardware)		
Edificios e estruturas existentes		
Construcións, reforma de edificios e instalacións técnicas		
Elementos de transporte		
Maquinaria e utillaxe		
Outro inmovilizado material		
INMOBILIZADO INMATERIAL		
Concesións administrativas, propiedade industrial, fondo de comercio, outras		
Aplicacións informáticas (software)		

PREVISIÓN DE INVERSIÓN

1. ¿Realizou algún investimento no ano 2019?

SI NON (Pase á pregunta 2)

Os investimentos inclúen as adquisicións e os traballos realizados pola propia empresa.

Indique si neste ano 2020 vai invertir: máis, menos ou igual que no 2019

(Entre paréntese aparecen as contas do P.X.C. asociadas a cada ítem).

Inmovilizacións materiais (21+23)

Inmovilizacións intanxibles (20)

+	-	=

2. Se a súa empresa non investiu no ano 2019 mais espera facelo en 2020 indique a contía estimada en valor absoluto

Inmovilizacións materiais (21+23)

Inmovilizacións intanxibles (20)

2020	
€	
€	

J. Prazas residenciais nos seus establecementos en Galicia a 31 de decembro

	PÚBLICAS		PRIVADAS			
			FINANCIADAS		NON FINANCIADAS	
	ANO 2017	ANO 2018	ANO 2017	ANO 2018	ANO 2017	ANO 2018
Número de prazas dispoñibles						
Das cales, ocupadas:						

K. Usuarios das prazas residenciais nos seus establecementos en Galicia a 31 de decembro

	HOMES		MULLERES	
	ANO 2017	ANO 2018	ANO 2017	ANO 2018
	Ata 50 anos			
de 51 a 60 anos				
De 61 a 70 anos				
de 71 a 80 anos				
de 81 ou máis anos				

L. Prazas NON residenciais nos seus establecementos en Galicia a 31 de decembro

	PÚBLICAS		PRIVADAS			
			FINANCIADAS		NON FINANCIADAS	
	ANO 2017	ANO 2018	ANO 2017	ANO 2018	ANO 2017	ANO 2018
Número de prazas dispoñibles						
Das cales, ocupadas:						

M. Usuarios das prazas NON residenciais nos seus establecementos en Galicia a 31 de decembro

	HOMES		MULLERES	
	ANO 2017	ANO 2018	ANO 2017	ANO 2018
	Ata 50 anos			
de 51 a 60 anos				
De 61 a 70 anos				
de 71 a 80 anos				
de 81 ou máis anos				

Observacións

O INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE) AGRADECELE A INFORMACIÓN SUBMINISTRADA NESTE CUESTIONARIO

Anexo II : Cadros de difusión

Enquisa ás empresas prestadoras de servizos sociais

Galicia. Ano 2017

Miles de euros	Nº de establecementos	Asalariados	Cifra de negocios	Aprovisionamentos	Gastos de persoal	Servizos exteriores	Adq-vent act
Total							
Empresas							
IPSFL							
Personas Físicas							

Galicia. Ano 2018

Miles de euros	Nº de establecementos	Asalariados	Cifra de negocios	Aprovisionamentos	Gastos de persoal	Servizos exteriores	Adq-vent act
Total							
Empresas							
IPSFL							
Personas Físicas							

Galicia

Miles de euros	ano 2017	ano 2018
Investimento en activos materiais		
Investimento en activos intangibles		

Previsión de investimento 2020. Galicia

	% de empresas que incrementarán o investimento	% de empresas que disminuirán o investimento	% de empresas que manterán o investimento
Inmobilizacións materiais			
Inmobilizacións intangibles			

Distribución dos usuarios das prazas residenciais nos establecementos en Galicia a 31 de decembro

Porcentaxe	HOMES		MULLERES	
	ano 2017	ano 2018	ano 2017	ano 2018
Ata 50 anos				
De 51 a 60 anos				
De 71 a 80 anos				
De 81 ou máis anos				

Distribución dos usuarios das prazas NON residenciais nos establecementos en Galicia a 31 de decembro

Porcentaxe	HOMES		MULLERES	
	ano 2017	ano 2018	ano 2017	ano 2018
Ata 50 anos				
De 51 a 60 anos				
De 71 a 80 anos				
De 81 ou máis anos				